

Sobre o poema “Palabras”

Xesús Alonso Montero

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

ALONSO MONTERO, XESÚS (2012 [1990]). “Sobre o poema ‘Palabras’”. *Nordés*: 14 (II Data), 27-30. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1932>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

ALONSO MONTERO, XESÚS (1990). “Sobre o poema ‘Palabras’”. *Nordés*: 14 (II Data), 27-30.

* Edición dispoñíbel desde o 30 de marzo de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

SOBRE O POEMA «Palabras»

Por XESUS ALONSO MONTERO

Cantor de tantas cousas humildes ou aparentemente humildes, Luís Pimentel tamén poetizou sobre a palabra. De feito, na súa obra hai un número non pequeno de poemas moi importantes nos que o tema tratado, o motivo poetizado, é a palabra: unhas veces as palabras dos poetas, e outras, ese feito simple e grandioso, asemade, que é o nome das cousas. Non sei de ninguén, entre nós, que teña feito, como poeta, incursións tan reveladoras no territorio específico da palabra. Mesmo podería escribirse un xeitoso tratado que levase por título A teoría da palabra na obra de Luís Pimentel, con tal de que se suliñase que esa teoría está formulada «in modo poetico».

Como teórico do feito verbal existen en Pimentel poemas antolóxicos sobre a palabra poética, poemas, pois, que se inscriben nunha tradición que empeza moito antes ca Hölderlin (1770-1843), se ben Hölderlin parece o inicio desta tradición, sobre todo a partir do famoso e esclarecedor ensaio no que Heidegger detecta nalgunha composición deste gran escritor alemán a determinación poética de poetiza-la esencia da poesía (1). Para o filósofo xermano o seu compatriota foi o poeta do poeta, o que tamén acontece nalgunhas valiosas páxinas de Luís Pimentel (2).

Non sempre é a palabra poética (a palabra tal como esta se realiza no poema) o tema poetizado polo escritor lugués. Ó poeta tamén lle interesa algo que é previo, algo tan elemental como a palabra a secas, a palabra sen adxectivos. «Palabras» é, precisamente, o título da súa incursión máis esclarecedora, máis orixinal tamén.

PAJARO no es nada.
No tiene alas.

El niño dijo:

— *Vin un paxaro...*

Y las manos se nos escaparon
a los árboles.

Un bloque de cristal
ante el molino.

La sombra mojada del umbral
bajo los árboles.

El espacio encendido de verde.

El niño dijo:

— *Arriba canta un merlo...*

Y el aire se hizo flauta.

Paloma, palabra
sin plumas, fría.

El niño dijo:

— *Teño unha pomba. . .*

Y las manos se pusieron tibias, huecas;
se hicieron nidos.

Sobre la ciudad
una lluvia fina cae.

El niño dijo:

— *Este orvallo. . .*

Y sobre nuestro corazón
comenzó a llover dulcemente (3).

No poema Luís Pimentel utiliza moi conscientemente os dous idiomas. En castelán, a súa lingua familiar, habitual e literaria, o poeta enuncia unha reflexión sobre o poder da palabra, sobre o poder e a eficacia do verdadeiro nome das cousas.

Vexamos qué acontece nesta composición protagonizada por un neno sinxelo, que se limita a proferir catro breves frases (a derradeira incompleta), e un adulto, un intelectual que reflexiona sobre estas frases. O neno, que é a inocencia, o elemental, fala unha lingua consoante coa súa pureza, coa súa elementalidade: unha lingua non libresca, nada ou pouco convencionalizada, natural. A súa palabra evoca con nitidez a cousa da que esta palabra é nome. Repárese: «pájaro», na lingua artificial, fainos pensar nunha ave sen ás, é dicir, ese nome suscita en nós unha noción que mutila ou empobrece a realidade designada. A pomba, esa cousa cálida e de fermosa plumaxe, chega a nós sen plumas e sen calor cando, como no poema, alguén a designa co nome da tradición libresca.

Estas son as reflexións de Luís Pimentel, médico lugués que ten a sorte, nunha aldea ou nun arrabaldo da súa cidade, de oír a un neno que fala no seu código habitual, nun idioma non artificializado por ningunha escola, convención ou preceptiva. O que Pimentel oe é algo así como o nome «natural» das cousas, ese nome que restitúe as ás ás aves, a canción ó merlo e a calor á pomba.

Certo que hai lugares no mundo, moitos, onde «pájaro» e «paloma» son significantes con significados plenos e cálidos. En Burgos ou en Toledo, por exemplo. Pero no noso poema, de 1934 (1), o poeta Luís Pimentel, transita por un espacio cultural, o do neno, onde os nomes das cousas, os únicos, son «orballo», «pomba», «merlo» e «paxaro». Son nomes que non veñen nos libros nin figuran nos letreros da Administración, unha forma externa de existencia; están nas cousas, non como etiqueta ou rótulo, senón como parte da mesma cousa. Por este camiño próbase que o

verdadeiro nome dunha cousa, sexa ou non parte dese obxecto, debuxa con precisión o perfil da cousa.

O propio Pimentel explicitao con claridade en catro versos dun poema moi posterior:

Nombrarás cualquier cosa
—árbol, caballo, piedra—
y los verás nacer con su vida
con sus contornos más puros. (5)

Téñase en conta que agora non hai, como en «Palabras», unha situación dialéctica. «Caballo» (non «cabalo»), «piedra» (non «pedra»)... son os nomes verdadeiros desas cousas. Por convencional, escolar e libresco que sexa o castelán, este idioma é o máis natural de Pimentel, que o ten como lingua familiar, habitual e literaria.

Cómpre que volvamos a «Palabras», un poema no que o mixtilingüismo é esencial. Trátase dunha composición que se publicou, primeiro, en versión monolingüe galega (6). Así:

Paxaro, non 'é nada,
non, non ten azas.
O neno dixo:
—Ollei un paxaro.
E fuxíronnos as mans
aos albres.

[...]

Pomba: verba
sen prumax, fría.
O neno dixo:
—Teño unha pomba:
E as mans puxéronse mornas, ocas,
fixéronse niños.

Para o noso obxectivo reparemos, sobre todo, nos últimos versos. Hai, claramente, unha contradición: a «pomba», que no primeiro verso é fría e carece de plumas, tórnase morna e con plumas no cuarto. Na situación vivida e escollida polo poeta Luís Pimental a palabra que lle rouba á ave a súa condición de morna é «paloma». Dito doutra maneira: «pomba», palabra «fría», non pode deseñar —designar—, tamén, unha realidade «morna». A trampa está no monolingüismo do poema.

Tanto en «Palabras» como en «La poesía es el gran milagro del mundo», cada un ó seu xeito, Luís Pimentel establece que unha cousa ten o seu nome, o seu nome propio, e que os outros son seminomes, nomes imprecisos...: seudónimos (falsos nomes). Será o poeta —establecerá novos poemas— quen encontre, non sen «angustia», non sen drama, «a palabra precisa». Deste modo, os «poetas escolleitos» outorgaránlles «eter-